

# 1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE

## 1. INTRODUCCIÓN

As Asociacións Enriqueta Otero, ARELAS, Asociación de familias de menores trans de Galiza e a Asociación Lucense de Esclerose Múltiple, ALUCEM.

Coa colaboración da FGA e baixo o control técnico do comité galego de xuíces organizan o vindeiro 21 de Maio a 1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUM xunto coa Andaina solidaria en prol da igualdade e a diversidade.

Con este proxecto que presentamos dende **As Quetas, ARELAS e ALUCEM** buscamos realizar **unha actividade sociocultural e deportiva que propicie un ambiente distendido e divertido como contexto de reivindicacións sociais, reivindicacións que teñen que ver coa igualdade de oportunidades e o respecto á diversidade humana.**

Escolleuse o mes de maio para a celebración deste acto, xa que neste mes conmemóranse ou celébranse varias datas sinaladas con recoñecementos ou dereitos dos colectivos que defenden a tres entidades coorganizadoras:

**10 de maio** | Día das nais e da Maternidade Libre e Voluntaria.

**15 de maio** | Día Internacional das Familias.

**17 de maio** | Día internacional contra a homofobia e a transfobia.

**21 de maio** | Día Mundial da Diversidade Cultural para o Diálogo e o Desenvolvemento.

**25 de maio** | Día Mundial da Esclerose Múltiple.

**28 de maio** | Día Internacional de Acción pola Saúde das Mulleres.

Unha actividade que servirá para visibilizar, naturalizar e sensibilizar a toda a cidadanía da importancia de que cada persoa ha de atopar o seu lugar na sociedade, que aínda que temos diferentes capacidades e somos diversos, todas as persoas temos dereito a vivir a nosa vida con dignidade e sen discriminación, participando a vontade e activamente en todos os ámbitos sociais.

## 2. OBXECTIVOS

### Obxectivo principal:

- Sensibilizar de xeito saudable e divertido á poboación lucense da necesidade e importancia de promover a igualdade de oportunidades e ou respecto á diversidade.

## 1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE

### Obxectivos secundarios:

- Propiciar un ambiente distendido e divertido como contexto de reivindicacións sociais.
- Favorecer e desenvolver relacións de igualdade e respecto cara aos demais.
- Promover a perspectiva dos dereitos humanos como orientación para a convivencia social e a integración das distintas capacidades e diversidades humanas.
- Ofrecer oportunidades de ampliar o horizonte cultural dende o cal cada persoa recoñeza a importancia da diversidade cultural.
- Promover accións para o fomento da actividade física como hábito e estilo de vida saudable.

### 3. PERSOAS DESTINATARIAS

Persoas afeccionadas ao running, estudantado lucense, rede asociativa e calquera persoa interesada en participar na carreira/andaina e pasar un bo rato. Invítase a participar ás entidades luguesas, asociacións de persoas con diversidade funcional, xitanos, inmigrantes, colectivo LGTBI...

2

### 4. ACTIVIDADE

A actividade que presentamos consiste na organización de varias carreiras competitivas en función da idade dos participantes, do seguinte xeito:

- **PITUFOS:** nados en 2009 - 2011 en adiante (50 metros).  
*Recorrido:* Praza maior diante do Círculo das Artes (se adxunta rutómetro).
- **BENXAMÍN:** nados en 2008-2007 (100 metros).  
*Recorrido:* Praza Maior do círculo das artes a Franciscanos (se adxunta rutómetro).
- **ALEVÍN e INFANTIL:** nados 2006-2003 (500 metros).  
*Recorrido:* saída na Praza Maior dende Círculo das Artes, Campo Castelo, Ronda da Muralla e volta para Praza Maior ao Círculo das Artes (se adxunta rutómetro).
- **ANDAINA:** (1000 metros).

**1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN**  
**CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE**

Recorrido: saída na Praza Maior dende Círculo das Artes, Campo Castelo, Ronda da Muralla e volta para Praza Maior ao Círculo das Artes.

- **ADULTOS:** Dende categoría cadete nados en 2002-2001 ata absolutos nados a partir do 2000 (5000 metros) Con saída na Praza Maior, percorrería as rúas Aguirre, Ramón Ferreiro ata Marina Española, volta por Ramón Ferreiro, Aguirre, Clérigos, subida á Muralla, percorrido polo adarve da Muralla, baixada pola Catedral, bon Xesús , Praza de santa María e Praza Maior (se adxunta rutómetro).

Os horarios en que se levarán a cabo as actividades serán dende as 18:00 horas ata 20:00 horas.

Los horarios de saída das diferentes carreiras serán (orden de saída):

- **ALEVÍN e INFANTIL:** 18'00 h de la tarde.
- **ADULTOS:** 18'15h de la tarde.
- **ANDAINA:** 18'30h de la tarde
- **PITUFO:** A partir de las 18'30h de la tarde.
- **BENXAMÍN:** A partir de las 18'40h de la tarde.

3

Á súa chegada á meta cada participante recibirá unha bolsiña cunha cor, para que unha vez rematen a marcha todos os participantes lancen os pos e se faga unha “fotofinish” de cores, creando así un arco da vella como símbolo da igualdade e a diversidade. Parécenos divertido e orixinal que a proba sexa unha “color run” xa que nos axuda a visibilizar a diversidade e a mandar a mensaxe de que a vida e as persoas temos múltiples cores, xa que as cousas non son brancas ou negras, e que todas as persoas deberíamos ter os mesmos dereitos e oportunidades independentemente de cómo sexamos.

O ambiente da carreira/andaina será festivo e contemplase a posibilidade de repartir refrescos, algún tentempié e música para animar a carreira.

Aos participantes entregaráselles un dorsal con chip para controlar a asistencia e a súa chegada a meta, e poderán ir caracterizados ou ataviados do xeito que desexen, pero recomendase levar roupa branca para que o efecto das cores sexa máis vistoso.

Para poder participar na proba é necesaria unha inscrición previa, así como a paga dunha pequena **taxa 5 euros para a carreira de adultos**, gratis para as categorías

## 1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE

cadete, infantís ,alevin ,benxamín e pitufos e **1 euro para a andaina** (Os nenos da categoría cadete e inferior será gratis).

Na organización da carreira e da andaina contaremos co asesoramento técnico e cooperación da Federación Galega de Atletismo que se ocupará da parte técnica e material e dos recursos humanos da carreira (cronometraxe, xuíces, arco de meta inchable, reloxo, carpa,..).

Qué pode implicar a maiores que sexa unha “color run”? Os participantes deberán levar unha camiseta branca, ao longo do percorrido, haberá puntos nos que persoal voluntario esparcirá pos de cores aos participantes ao seu paso, e na chegada á meta cada participante recibirá unha bolsiña con pos dunha cor. Ao final haberá un pequeno acto no que todas as persoas tirarán ao aire ao mesmo tempo as súas cores como símbolo da diversidade humana, quedando así unha bonita foto para o recordo e a visibilización das nosas causas.

Unha vez finalizada a parte deportiva e para seguir ca actividade sociocultural e festiva, terá lugar diversas actuacións que a través da música e do baile mostraranos a riqueza dos pobos, das culturas e da diversidade humana.

Así a través de diversas actuacións musicais como un grupo de música de Guineanos, unha cantante xitana feminista, un rapaz trans, e actuacións de baile, como ou grupo de baile de tango da Asociación Rioplatense de Lugo ou o grupo “Cantigas e Frores”, poñeremos así a énfase na diversidade cultural como forza motriz do desenvolvemento das sociedades, como enriquecemento da vida intelectual, afectiva e moral das persoas.

Os fondos recadados a través da “Color run” irán destinados integramente, ademais de para cubrir os gastos derivados da organización, aos fins recollidos nos estatutos das entidades sen ánimo de lucro organizadoras do acto, entre os que se atopan a promoción da igualdade, prevención da violencia machista, o empoderamento feminino, o apoio, visibilización e loita polos dereitos das persoas trans e a diversidade funcional. Barallase a posibilidade de facer tamén un sorteo entre os participantes.

- **DATA:** 21 de maio de 2016 a partir das 18:00 horas. As carreiras/andaina expone nesa data por varios motivos: no mes de maio hai varias datas sinaladas que teñen que ver cos dereitos e o recoñecemento que defenden as tres entidades coorganizadoras, e a data escollida está equidistante do “corre con nós”, carreira popular que se celebra na cidade cada mes.
- **LUGAR:** Lugo cidade
- **INCRIPCIÓNS:** Na páxina web da FGA: [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) ata o martes 17 de maio.

**1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN**  
**CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE**

- **DISTANCIA:** Distintas distancias en función das idades das persoas participantes.

**PITUFOS:** nados en 2009 - en diante (50 metros).

Recorrido: Praza maior diante do Círculo das Artes (se adxunta rutómetro).

**BENXAMÍN:** nados en 2008-2007 (100 metros).

Recorrido: Praza Maior do círculo das artes a Franciscanos (se adxunta rutómetro).

**ALEVÍN:** nados 2006-2005 (500 metros).

**INFANTIL:** nados 2004-2003 (500 metros).

Recorrido: saída na Praza Maior dende Círculo das Artes, Campo Castelo, Ronda da Muralla e volta para Praza Maior ao Círculo das Artes (se adxunta rutómetro).

**CADETE E SUPERIORES:** 5000 metros

**ANDAINA:** 1000 metros, duas voltas o mesmo recorrido de 500m

- **RECOLLIDA DE CHIPS E DORSAIS:** Supermercado Leclerc o xoves 19 e venres 20 de maio de 17:00-20:00 horas.

5

- **PREMIACIÓN:**

"Entregarase un trofeo ao primeiro clasificado e unha medalla de prata e unha de bronce ao segundo e ao terceiro clasificado respectivamente, facendo distinción entre categorías masculina e feminina.


- As categorías que recibirán trofeo e medallas son pitufos, benjamines, alevíns, infantís, cadetes e categoría absoluta.
- A categoría cadete correrá conxuntamente ca categoría absoluta. A categoría de pitufos recibirán todos un premio independentemente de en que posto acaben o percorrido."

- **INFRAESTRUCTURA:**

- 2 Tarimas de 4x1 para actuacións musicais e entrega de trofeos (diante da casa do concello), estas tarimas levaraa a FUNDACIÓN TIC, entidade colaboradora, o día anterior ao evento.

## 1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE

- Mesa de difusión: As tres entidades organizadoras colocarán unha mesa informativa sobre as súas actividades diante da casa consistorial.
- **TEMPO ESTIMADO DE DURACIÓN DO EVENTO:** Contando có montaxe e desmonte da infraestrutura das 15:00 ás 21:30 horas.



6

## 5. RECURSOS

- **RECURSOS MATERIAIS:** Equipo de cronometraxe por chip, dorsais cos logotipos da organización, arco de meta inchable, carpa de 3x3 metros, reloxo, camisetas, pos de cores, equipo de son, bebidas e comida.



**1ª CARREIRA DIVERSICORRE, COLOR RUN**  
**CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA EN PROL DA IGUALDADE E A DIVERSIDADE**

- **RECURSOS HUMANOS:** Persoal médico (ambulancia medicalizada), persoal do Servizo de Protección Civil, Persoal da Federación Galega de Atletismo (xuíces e coorganizadores), persoal voluntario das asociacións coorganizadoras.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña